



# “A túa opinión importa: “Queremos que O Porriño sexa mais amigable coa infancia e a adolescencia”

## Dinámica que seguirá o PLENO INFANTIL do 18 DE ABRIL de 2018

11:00 Presentación / Benvida por parte da alcaldesa

Presentación da orde do día

### 1.-Aprobación do acta do pleno anterior

A partir do día 9 de abril teredes colgado no apartado correspondente a Candidatura de Porriño a Cidade Amiga Da Infancia, da web do concello un acta resume do exposto no pleno do pasado mes de novembro.

### 2.-Aprobación do borrador de regulamento do consello municipal de infancia

- Durante o taller de participación
  - ✓ Explicaremos en que consiste o consello municipal de infancia, e tamén, qué é un regulamento
  - ✓ Traballaremos os contidos fundamentais, e logo poden debater e votar se fose o caso os cambios que se consideran necesarios no borrador proposto
  - ✓ Este é un tema a traballar obrigatoriamente
- Os voceiros/as de cada centro deberán expor no pleno moi brevemente, (en menos de 2 minutos) os cambios que considera necesarios no documento, ou indicar que está a favor do borrador inicial.
- En caso de haber emendas, serán sometidas a votación individualmente
- O documento resultante coas emendas aprobadas será sometido de novo a votación

### 3.- Propostas relativas da realización de un Pinchorriño Infantil

- Durante o taller de participación
  - ✓ Explicaremos que no pleno anterior se fixo unha proposta neste sentido, e que polo tanto será sometida a votación, pero que antes podemos facer propostas sobre posibles datas, horario, formato, temáticas, xurado, actividades paralelas, etc...
- Os voceiros/as de cada centro poderán expor ao pleno moi brevemente, (en menos de 2 minutos) as melloras que considere nesta iniciativa, ou indicar que simplemente está a favor ou non da súa realización.
- Someterase a votación, a realización ou non da actividade, así como tamén as posibles propostas que se fagan dende os distintos centros.

### 4.- Propostas concretas en materia de Infraestruturas (Tren, Instalacións, Melloras,...)

### 5.- Propostas concretas en materia de Medio ambiente (Incendios, Contaminación, Reciclaxe, Lindano,...)

- Durante o taller de participación
  - ✓ Explicaremos que cada centro deberá elixir un destes dous temas e facer as aportacións ou propostas concretas a realizar por parte do concello que considere
  - ✓ Trataremos de centrarnos nunha única temática, e de expoñela ao pleno de xeito argumentado.
- Os voceiros/as de cada centro poderán expor ao pleno moi brevemente, (en menos de 2 minutos) os argumentos e propostas que considere dentro da iniciativa elixida.
- Unicamente participaremos no debate do tema que traballemos e ao que fagamos propostas
- Si que podemos, e debemos participar da votación, da toma en consideración das propostas presentadas polo resto de voceiros/as, votando a favor, en contra ou absténdose se así se considera

### 6.- Rogos e preguntas

- Os voceiros/as que así o consideren, poderán facer algún rogo ou pregunta concreta que na medida do posible será respondida por parte do goberno local

Para a presentación das mocións, poderase contar co apoio de recursos audiovisuais, pero dado a metodoloxía proposta, os tempos dispoñibles e as características do espazo, **recomendamos que sexan os propios voceiros/as os/as que fagan a argumentación e defendan as propostas.**

As propostas ou temas a tratar deberan remitirse por correo electrónico a [omix@oporriño.org](mailto:omix@oporriño.org) como **data tope o luns día 16 de abril**